



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O PARLAMENTO DE GALICIA, A VICEPRESIDENCIA, A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA CONTINUAR OS TRABALLOS DO PORTAL XURÍDICO GALEGO E DA BASE DE DATOS DE LEXISLACIÓN GALEGA CONSOLIDADA**

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2017

**REÚNENSE:**

**Don Miguel Santalices Vieira**, presidente do Parlamento de Galicia, que actúa no seu nome e representación, ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, con sede na rúa do Horreo, núm. 63, de Santiago de Compostela.

**Don Alfonso Rueda Valenzuela**, vicepresidente da Xunta de Galicia e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que actúa de acordo coas facultades que lle atribúen os artigos 33 e 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, na súa redacción dada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e de acordo co seu nomeamento de vicepresidente e conselleiro no Decreto 148/2016, do 13 de novembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 72/2013, do 25 de abril, modificado polo Decreto 11/2015, do 5 de febreiro, no que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

**Don Román Rodríguez González**, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actúa de acordo coas facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e pola





Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, publicado no DOG número 13, do 18 de xaneiro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**Dona María del Mar Pereira Álvarez**, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que actúa de acordo co seu nomeamento no Decreto 91/2012, do 16 de marzo, que se publicou no DOG do 20 de marzo de 2012, e de acordo coas facultades que lle outorga o artigo 5 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea esta axencia e se aproban os seus estatutos.

**Don Juan Manuel Viaño Rey**, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, que actúa de acordo co establecido nos seus estatutos e do nomeamento como reitor polo Decreto 62/2014, do 28 de maio (DOG número 105 do 4 de xuño de 2014), que actúa en nome e representación da devandita entidade.

As partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos e coa representación competencial que posúen recoñécense capacidade plena para se obrigaren nos termos deste convenio,

#### EXPOÑEN:

I. Que o Parlamento de Galicia (en diante, o Parlamento) é un poder estatutario que ten como función representar o pobo de Galicia e que é a primeira das institucións da Comunidade Autónoma galega da que derivan todas as outras. Está facultado para exercer os poderes públicos de Galicia, xunto coa Xunta de Galicia e o seu presidente, segundo dispoñen os artigos 9 e 10 do Estatuto de autonomía de Galicia e de conformidade coa Constitución española.

II. Que, conforme o artigo 15.3 b) do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e




Xustiza, a Dirección Xeral de Xustiza –que depende desa consellería–, ten, entre outras funcións, a competencia do impulso do uso do galego na Administración de xustiza.

III. Que á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (en diante, a Consellería), a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística (en diante, a SXPL), lle corresponden as competencias en materia de promoción e ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia, e ten como obxectivo impulsar e potenciar o emprego do galego de acordo co disposto no artigo 5.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no artigo 6.3 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Concretamente, correspóndelle coordinar e desenvolver a política de investigación que favoreza a normalización lingüística nas súas diferentes manifestacións, así como desenvolver medidas para o fomento do uso do idioma nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia, co fin de incrementar a dispoñibilidade de produtos e servizos en galego.

IV. Que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante, a Amtega) é unha axencia pública autonómica, adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia, que ten por obxecto a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa ás tecnoloxías da información e ás comunicacións, así como a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.

V. Que a Universidade de Santiago de Compostela (en diante, a USC) é unha entidade que leva a cabo actividades de investigación, docencia e desenvolvemento científico e tecnolóxico, que ten entre os seus fins o de procurar o seu enraizamento na sociedade galega que a sustenta e, en xeral, contribuír ao seu progreso social, económico e cultural, sendo unha peza clave no proceso de normalización lingüística tanto polos diferentes campos culturais que abrangue como pola súa condición de referente social de prestixio.

Os devanditos fins son apoiados e compartidos polos diferentes departamentos e entidades dependentes da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e por iso vén colaborando con diferentes órganos da Xunta de Galicia para o desenvolvemento conxunto de proxectos de investigación, análise e estudo de moi diversa índole. Sobre todo a USC vén colaborando coa Consellería a través da SXPL e do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (en diante, CRPIH) desde o ano 1995 (sinatura do primeiro convenio) no



desenvolvemento compartido de actuacións de investigación lingüística.

O primeiro antecedente de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, e a USC para desenvolver un proxecto lingüístico e xurídico foi o “Código de dereito galego en liña”, recollido no convenio plurianual 2013-2015.

**VI.** Que, con posterioridade, o Parlamento de Galicia e outras entidades públicas da Xunta de Galicia manifestaron o seu desexo de colaborar no dito proxecto que conxuga recursos xurídicos, normativos e lingüísticos coas tecnoloxías da información e das comunicacións, co propósito de propiciar que, desde Galicia, a sociedade en xeral teña acceso a un recurso xurídico normativo e lingüístico en galego cun soporte tecnolóxico que posibilita a súa conexión en liña, de forma gratuíta e a través de Internet.

Coa incorporación de novos axentes implicados no proxecto, o seu alcance adquiriu tamén maior entidade e, por iso, o 1 de xullo de 2016 o Parlamento de Galicia, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Amtega e a USC asinaron un convenio de colaboración con vixencia ata o 15 de decembro dese ano para o desenvolvemento deste proxecto coa denominación: “Portal xurídico galego e base de datos de lexislación consolidada. Lex.gal”.

O 19 de decembro do 2016 foi presentado publicamente o portal e púxose a disposición do público en xeral para a súa consulta na rede a base de datos de lexislación consolidada Lex.gal.

Dende esa data están dispoñibles para consulta todas as leis e decretos legislativos dende o ano 1982 e os decretos dos anos 2015 e 2016. Están procesados e pendentes de supervisión para a súa publicación os decretos abranguidos entre os anos 2000 e 2014.

**VII.** Que as partes consideran esencial manter e intensificar esta colaboración xa que, como resultado do desenvolvemento deste proxecto, a sociedade galega en xeral ten acceso a un recurso telemático, que deberá ter continuidade no tempo para manter actualizada, consolidada e con plena vixencia a normativa galega e a información xurídica de interese xeral.

Os obxectivos xerais a catro anos son os seguintes:




1. O mantemento da base de datos de lexislación consolidada Lex.gal. coa incorporación das normas que se aproben durante a súa vixencia, e a normativa dos anos anteriores pendente de supervisión para a súa publicación (decretos abranguidos entre os anos 2000 e 2014)
2. Deseño e posterior mantemento do portal xurídico segundo os apartados que se creen ( leis estatais de relevancia en lingua galega, xurisprudencia dos tribunais, novas e comentarios xurídicos...)
3. O deseño e elaboración de códigos por materias segundo o desenvolvemento que se realice cada ano.

A USC, como parte do convenio, dispón dos coñecementos necesarios e de destacados especialistas xurídicos de recoñecida valía para darlle continuidade ao proxecto, pois é a máxima institución docente galega que conta cunha liña de investigación consolidada nesta materia.

O Parlamento de Galicia, por unha banda, e os diferentes departamentos e entidades da Xunta de Galicia, por outra, desexan continuar colaborando coa USC en consideración á natureza do proxecto e ás súas características específicas co fin de contribuír a darlle prestixio á lingua galega nos diferentes eidos sociais e, sobre todo, no sector das TIC e na estrutura xurídico-normativa que regula as relacións económicas, empresariais e sociais en xeral. Os obxectivos perseguidos non poderían acadarse nun escenario aberto de concorrencia pública, pois como queda expresado é a USC quen conta cun grupo de investigación formado para o efecto. A vinculación do Parlamento e a Xunta de Galicia para estes fins xustifícase estatutariamente (artigo 4.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia).

**VIII.** Que as partes consideran como referente normativo básico da súa actuación a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, onde se recoñece que o galego é a lingua propia de Galicia e que os poderes públicos garantirán o seu uso normal como lingua oficial da Comunidade Autónoma galega, o Plan xeral de normalización da lingua galega, que aprobou por unanimidade o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, no que se recollen unha serie de medidas encamiñadas a conseguir a normalización do galego, e o Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 4 de agosto de 2016, que responde á necesidade de poñer en práctica medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de



Galicia co fin de incrementar a dispoñibilidade de produtos e servizos en galego, coa pretensión de que, ao aumentar a presenza do galego na estrutura das relacións xurídicas, económicas e mercantís, sirva de efecto multiplicador no resto da poboación xa que se trata dun sector fundamental no funcionamento das sociedades modernas e de grande influencia e prestixio no mundo de hoxe. Así mesmo, o Parlamento de Galicia acaba de aprobar a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, que contén a obriga de publicar, segundo o seu artigo 9<sup>a</sup>), toda a normativa consolidada na páxina web.

Por todo isto, as partes comparecentes acordan asinar un novo convenio de colaboración para darlles continuidade aos traballos de consolidación e actualización da normativa xurídica galega para ofrecerlle á sociedade en xeral un corpus normativo actualizado e vixente, consonte as seguintes

## ESTIPULACIÓNS:


### Primeira. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre o Parlamento, as diferentes consellerías participantes da Xunta de Galicia, a Amtega e a USC, para continuar os traballos de consolidación e actualización da normativa xurídica galega e da incorporación doutras normas de ámbito estatal en galego (Código civil, Código penal, Lei de axuízamento civil...) e, así mesmo, dotar o portal xurídico doutros recursos e da información xurídica de relevancia para o público en xeral.

Desde o punto de vista operativo, as partes do convenio intercambiarán entre si toda aquela información que consideren útil para este proxecto e porán á súa disposición todos os medios necesarios para mellorar o uso do portal xurídico e da base de datos de lexislación polo público en xeral de forma gratuíta a través da rede de Internet.

As partes asinantes colaborarán coas seguintes accións:

1. Continuar os traballos de consolidación e actualización das normas contidas na base de datos de lexislación galega desde a preautonomía ata a actualidade.
2. Dotar o portal xurídico de recursos xurídicos xa dispoñibles actualmente, pero dispersos, para



facelos accesibles desde un punto común.

Os textos codifícanse co estándar XML (eXtensible Markup Language), que permite unha rápida recuperación da información e constante actualización.

### **Segunda. Xustificación da continuidade do proxecto**

A continuidade do proxecto xustifícase polo seguinte:

1. O portal xurídico, ademais de acoller a base de datos da normativa galega vixente, é unha ferramenta xurídica e lingüística que, pola súa funcionalidade, terá que estar en permanente actualización.
2. Contribuír e promover que o portal xurídico galego e a base de datos de lexislación galega consolidada Lex.gal se converta na porta de entrada aos diversos recursos dispoñibles en materia xurídica relacionados co dereito de Galicia e, preferentemente, en lingua galega, incorporando ligazóns tanto a publicacións oficiais (DOG, boletíns provinciais, BOE, BOPG...) como ás páxinas de diversas institucións que producen información xurídica de relevancia.

### **Terceira. Partes do convenio**

1. O Parlamento de Galicia.
2. A Xunta de Galicia, coa implicación dos seguintes departamentos:
  - 2.1. A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Xustiza.
  - 2.2. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística.
  - 2.3. A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).
3. A Universidade de Santiago de Compostela (USC).

### **Cuarta. Responsabilidade do proxecto e tarefas das partes asinantes**

- 1) O Parlamento, as consellerías e a Amtega, coa colaboración da USC, serán as encargadas de



realizar as actuacións necesarias para desenvolver as actividades obxecto do convenio, nun proceso de colaboración continuo. As entidades asinantes, como coorganizadoras, terán unha participación activa e esencial na continuidade do proxecto e compartirán a titularidade e o uso dos materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

2) A participación dos especialistas da USC nas actividades recollidas neste convenio efectuarase conforme a regulamentación propia da USC recollida nos seus estatutos e no Regulamento para a realización de actividades de investigación ao abeiro do establecido no artigo 83 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril. Así mesmo, para o caso de participación de persoal do Parlamento ou colaboradores daquela institución, aplicarase a regulamentación propia da institución parlamentaria.

3) Calquera das institucións e entidades que participan no proxecto, cada unha no seu ámbito de actuación, dispón de persoal asignado aos servizos xurídicos, persoal docente investigador, lingüistas e a infraestrutura técnica e a tecnoloxía máis adecuada para garantir a consecución dos obxectivos de interese público perseguidos. Se fose necesario contratar medios humanos, técnicos ou materiais complementarios para o axeitado desenvolvemento dos traballos obxecto do convenio, a devandita contratación realizarase de acordo coa normativa específica que resulte de aplicación.


As tarefas concretas de cada unha das partes asinantes serán as seguintes:

### **O Parlamento de Galicia**

En coherencia coa política de normalización lingüística desta institución, asume as tarefas de coordinación xeral e de sede operativa do proxecto. Neste sentido, desenvolverá, entre outras, as seguintes tarefas:

1. Facilitar o acceso aos seus fondos e arquivos documentais en materia legislativa, de acordo coas súas propias normas de acceso e uso, e pór á disposición do proxecto os servizos xurídicos, lingüísticos e de documentación que, de ser o caso, se precisen.

2. Respecto das normas galegas (leis e decretos) que se vaian incorporar a Lex.gal, procesalas en formato xml, consolidalas e poñelas na plataforma de xestión á disposición do persoal da USC responsable da súa supervisión e publicación.







3. Manter o contacto permanente cos directores técnicos do proxecto e recibir destes e do resto dos organismos implicados a colaboración necesaria para deseñar, poñer en funcionamento e manter a base de datos e mais o portal xurídico.
4. Manter actualizado, baixo o impulso e a responsabilidade última dos directores técnicos, o portal xurídico e mais a súa base de datos no momento en que entren en funcionamento.
5. Contribuír ao financiamento do proxecto.


**A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Xustiza**

Asumirá o compromiso de elaborar, organizar e actualizar a versión consolidada dunha colección de lexislación estatal constituída polos textos lexislativos que resultan máis susceptibles de consulta dentro do ámbito da xustiza, concretamente realizará as seguintes actuacións:

1. Compilar e agrupar nun só arquivo textual a lexislación publicada en galego no BOE que poida ser máis susceptible de consulta xurídica (Código civil, Código penal, Lei de axuízamento civil, Lei do rexistro civil, Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa...) para a súa exposición en galego en versión consolidada, e evitar así a súa dispersión naqueles casos en que se produciron modificacións normativas.
2. Actualizar lingüisticamente e corrixir os textos legais de acordo coas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, así como consonte a nova terminoloxía que foi xurdindo e que xa está recollida no Dicionario da Real Academia Galega e no Dicionario Xurídico Galego.
3. Actualizar o contido dos textos legais de xeito practicamente inmediato, que é posible pola adscrición a un servizo de notificacións do BOE que dá conta das modificacións normativas que se van producindo e que permite estar ao día das novidades que poidan repercutir no texto das leis cuxa versión en galego estea xa rematada.
4. Contribuír ao financiamento do proxecto.

**A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística**

Mediante a sinatura deste protocolo, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación



Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística asume o compromiso de colaborar activamente na elaboración da base de datos de lexislación galega e do portal xurídico, coas seguintes accións:

1. Contribuír á difusión e divulgación do novo recurso normativo e lingüístico.
2. Colaborar nas tarefas de corrección e supervisión lingüísticas que lle poidan ser solicitadas polo Parlamento de Galicia.
3. Contribuír ao financiamento do proxecto de acordo co previsto na cláusula sexta do presente convenio.

#### **A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)**

A Amtega asume o soporte tecnolóxico do portal a da base de datos. Entre outras funcións concretas, asumirá as seguintes tarefas:

1. Definirá o modelo tecnolóxico para o sistema de información e portal, acorde cos criterios tecnolóxicos e de políticas web corporativas establecidas na Amtega.
2. Xestionará e implantará o sistema de información que dará soporte ao portal xurídico e as bases de datos.

#### **A Universidade de Santiago de Compostela**

A USC acometerá as seguintes tarefas:

1. Colaborará no desenvolvemento do proxecto cunha contribución en especie, consistente en tarefas de dirección técnica dos traballos. Para tales efectos, dispón dun proxecto de investigación específico: CP082, *Continuación dos traballos portal xurídico*, no que se integra o equipo de traballo composto por tres especialistas do persoal docente e investigador da USC, nomeadamente:

-Antonio López Díaz, catedrático de dereito financeiro e tributario, que actúa como investigador principal e responsable do proxecto.

-Antonio Javier Ferreira Fernández, profesor titular de dereito administrativo,





-Diana Santiago Iglesias, profesora contratada, doutora en dereito administrativo.

Logo da entrada en vigor deste convenio para o mantemento do proxecto e a continuación dos traballos previstos, ademais dos tres especialistas da USC, contratarase a proposta do investigador principal e responsable do proxecto, unha persoa con coñecementos xurídicos para a realización de tarefas de consolidación, revisión e elaboración de novos contidos.

2. Supervisará o funcionamento xeral da base de datos de lexislación consolidada, Lex.gal e do futuro portal xurídico e os seus contidos, para o que propoñerá cantas modificacións considere oportunas.
3. Establecerá os criterios para a modificación da base de datos e das súas ferramentas de consulta.
4. Seleccionará as normas que se incorporarán á Lex.gal, e facilitarallas ao Parlamento de Galicia en formato pdf ou similar para permitir o seu tratamento e carga na referida base de datos. Estas normas serán tanto as que se vaian aprobando e publicando no DOG como as de anos anteriores. Os directores técnicos indicarán para cada norma a súa vixencia, a súa derogación e as concordancias. Así mesmo, redactarán as notas correspondentes que sexan necesarias.

Dentro deste apartado, as funcións concretas para 2017 son:

- a) Supervisar e publicar, a través da base de datos Lex.gal, as leis e decretos aprobados e publicados durante o ano. Esta tarefa será realizada cunha periodicidade non superior a unha semana respecto da publicación da norma.
- b) Supervisar e publicar a través da base de datos Lex.gal os decretos aprobados e publicados entre o ano 2000 ao 2014.
- c) Elaborar e trasladar ao Parlamento de Galicia a relación das normas anteriores ao ano 2000 que consideren de interese incorporar a Lex.gal. Estas normas tamén serán supervisadas e publicadas a medida que o Parlamento de Galicia as poña á súa disposición na citada base de datos.
4. Elaborar as anotacións distintas das de vixencia que poidan incorporarse e introducir o ámbito de aplicación de cada norma.
5. Resolver as dúbidas de carácter xurídico que poidan xurdir.




6. Deseñar os códigos ou outras agrupacións de normas por materias.
7. Deseñar, en colaboración coa Amtega, os contidos e apartados do futuro portal xurídico onde integrar, entre outras, as leis estatais de relevancia en lingua galega, a xurisprudencia, os comentarios xurídicos, as novas e outros...
8. Respecto da incorporación de normas estatais, acordará en colaboración coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza as normas que se irán incorporando, estableceranse os formatos en que esta última deberá facilitar as normas, e supervisará e validará a consolidación das ditas normas estatais.
9. Elaborará os contidos das novas legislativas e xurisprudenciais que se vaian producindo relacionadas co dereito galego, así como os enlaces a artigos doutriniais, dereito comparado ou calquera outro material de interese para a súa actualización permanente no portal xurídico.

#### Quinta. Financiamento do convenio

Todas as partes asinantes do convenio, cada unha delas no seu ámbito competencial, contribuirán activamente con medios propios ao desenvolvemento do proxecto con cargo aos recursos asignados aos seus orzamentos, respectivamente.

Ademais, as achegas económicas serán as seguintes:

- O Parlamento de Galicia colaborará na realización do proxecto cunha achega de **37.222,00 €** con cargo á aplicación orzamentaria **01.01.111B.640.00** para contribuír ao pagamento dunha parte dos custos da dirección técnica e do mantemento do proxecto.
- A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Xustiza, colaborará na realización do proxecto cunha achega de **2.000,00 €**, con cargo á aplicación orzamentaria **05.22.131A.640.0** para contribuír ao pagamento dunha parte dos custos da dirección técnica e do mantemento do proxecto.
- A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, colaborará na realización do proxecto cunha achega de **5.000,00 €**, con cargo á aplicación orzamentaria **10.30.151A.640.6**, para contribuír ao pagamento dunha parte dos custos da dirección técnica e do mantemento do proxecto.



Estas cantidades cubrirán o custo da dirección técnica e do mantemento do proxecto durante a vixencia do convenio, polo que non levarán asociado ningún beneficio para a USC que, pola súa conta, asume unha parte dos custos da dirección técnica do proxecto e do seu mantemento.

A USC achega ao proxecto unha contribución en especie que se corresponde coas horas de dedicación dos seus recursos humanos ás tarefas de dirección técnica e mantemento do proxecto, segundo a desagregación que figura na táboa seguinte por valor de **49.922,74 €**.

No ano 2017 o custo estimado en valor/hora do grupo de traballo que participa no desenvolvemento do proxecto é o seguinte:

Persoal docente investigador	custo/hora	horas dedicadas	Importe
Investigador principal do proxecto	42,36	145	6142,20
Investigador docente	30,20	145	4379,00
Investigadora docente	30,55	235	7179,25
Outro persoal a contratar para o mantemento do proxecto	17,90	1800	32.222,29
<b>TOTAL</b>			<b>49.922,74</b>

Dado que a cantidade recibida pola USC como compensación da súa achega en especie é de **44.222,00 €**, a súa contribución ao proxecto pola súa equivalencia en horas de traballo é de **5.700,74 €**, o que asegura o equilibrio financeiro entre as achegas das partes.

Para atender os compromisos de gasto derivados das accións establecidas no convenio existe crédito axeitado e suficiente nas aplicacións orzamentarias dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 asignados a cada departamento implicado.

Pola súa parte, o Parlamento de Galicia executará as tarefas de coordinación con medios propios previstos no orzamento do exercicio 2017.

#### **Sexta. Forma de pagamento e xustificación do convenio**

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>.



Para recibir as achegas económicas das diferentes unidades ou entes cofinanciadores por mor dos custos da dirección técnica e do mantemento do proxecto estipulados na cláusula anterior, a USC presentará electronicamente, coa data límite do 15 de decembro de 2017, a seguinte documentación:

-Un certificado por duplicado da persoa responsable da Xerencia da USC que acredite a execución das actividades do convenio, así como unha relación valorada das horas dedicadas ao proxecto polos especialistas da USC.


-Unha memoria por duplicado na que se fará constar de forma detallada as actuacións realizadas.

No caso de que a acreditación dos custos do convenio e, máis concretamente, a súa equivalencia en horas de dedicación ao proxecto, sexa inferior ao importe do convenio, a achega das diferentes unidades ou entes cofinanciadores diminuírase na mesma proporción.

Para os efectos de axilizar a tramitación do pagamento do convenio polas partes asinantes, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, asume as tarefas de comprobación da xustificación que presente a USC para acreditar as horas de dedicación ao proxecto polos seus especialistas. Sen prexuízo diso, logo da comprobación que corresponda, a SXPL dará conta do resultado ao resto das partes do convenio que, con cargo aos seus orzamentos, asumirán o pagamento das achegas económicas previstas neste convenio. Cada ente cofinanciador tramitará o expediente administrativo para o pagamento da súa achega. O pagamento realizarase na conta bancaria que sinale a USC mediante certificado acreditativo da súa titularidade.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o seu pagamento, a USC deberá presentar:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Economía e Facenda.
- Un certificado de estar ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.





A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor (SXPL) para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

A USC facilitará toda a información que lle requira a SXPL, así como a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, a Intervención Xeral do Parlamento, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Así mesmo, a Secretaría Xeral de Política Lingüística facilitaralles unha copia de toda a documentación presentada pola USC ás diferentes unidades ou entes cofinanciadores xunto coa certificación da realización das actuacións pola USC, no momento que proceda tramitar os pagamentos.

#### **Sétima. Propiedade da base de datos e do portal xurídico**

1) A propiedade da base de datos e mais do portal xurídico será común das partes asinantes que, así mesmo, serán as titulares dos dereitos incorporais de propiedade intelectual de carácter patrimonial respecto do contido intelectual do portal xurídico galego e da base de datos de lexislación.

2) Nas actuacións informativas e divulgativas, así como nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades do portal xurídico e da base de datos, farase constar nun lugar destacado a colaboración das partes asinantes e utilizaranse, en igual tamaño e consideración, os anagramas ou logos que correspondan, segundo o previsto pola normativa de identidade corporativa da Xunta de Galicia e do Parlamento de Galicia.

Sexa cal sexa o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención das outras partes e deste convenio.

#### **Oitava. Comisión de seguimento**

Crearase unha comisión de seguimento das accións obxecto do presente convenio, facultada para proporlles ás partes as resolucións de cantas dúbidas xurdan na súa execución e presidida polo



letrado maior do Parlamento, ou persoa na que delegue, e integrada ademais por:

- Unha persoa representante da USC, nomeada polo seu titular.
- Unha persoa representante da Dirección Xeral de Xustiza, nomeada polo seu titular.
- Unha persoa representante da Secretaría Xeral de Política Lingüística, nomeada polo seu titular.
- Unha persoa representante da Amtega, nomeada pola súa titular.

A comisión de seguimento manterá reunións periódicas de coordinación, seguimento e control das actividades realizadas e xestionará calquera modificación que xurda no desenvolvemento do proxecto nun proceso de colaboración mutua entre as partes asinantes. Ás reunións da comisión asistirán os seus membros ou as persoas en quen deleguen.

A comisión poderá adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar o cumprimento do obxecto do presente convenio. Os acordos da comisión serán inmediatamente executivos.


### **Novena. Vixencia**

Este convenio entrará en vigor o mesmo día da súa sinatura e terá vixencia ata o 15 de decembro do ano 2017, agás que sexa denunciado por escrito por algunha das partes asinantes polo incumprimento dos compromisos que nel se recollen, cun mes de antelación polo menos.

Antes da finalización do prazo de vixencia, os asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por períodos anuais ata un máximo de catro anos. Na referida addenda estableceranse as obrigas concretas das partes asinantes.

### **Décima. Utilización da lingua galega**

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberán levarse a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente o respecto rigoroso á toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.





O incumprimento desta estipulación será considerada causa específica de resolución deste convenio.

#### **Décimo primeira. Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno**

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro (BOE 10-12-2013), de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia

#### **Décimo segunda. Causas de resolución**

Este convenio resolverase:


- Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, as partes asinantes poderán, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

#### **Décimo terceira. Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e, polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público. Neste punto e conforme a disposición adicional quinta da Lei 39/2015, o Parlamento rexerese polo previsto na súa normativa específica, no marco dos principios que inspiran a actuación administrativa de acordo coa citada lei.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación



Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.



#### **Décimo cuarta. Normativa aplicable e xurisdición**

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, será de aplicación á Xunta de Galicia a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, polo que se refire ao contido da colaboración mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público. O artigo 14 prevé que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais da súa competencia.

Respecto do Parlamento de Galicia como primeiro poder público previsto no artigo 9.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia e ao abeiro da disposición adicional quinta da Lei 30/2015, lle será de aplicación a súa normativa específica, no marco dos principios que inspiran a actuación administrativa de acordo coa citada lei.

Doutra banda, aínda que é un dos negocios xurídicos excluídos do ámbito de aplicación do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos na citada lei, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.



A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as partes conformes co pactado, asínanse sete copias deste convenio.

O presidente do Parlamento  
de Galicia



Miguel Santalices Vieira

O vicepresidente e conselleiro de  
Presidencia, Administracións Públicas e  
Xustiza



Alfonso Rueda Valenzuela

O conselleiro de Cultura, Educación  
Ordenación Universitaria



Román Rodríguez González

O reitor magnífico da Universidade de  
Santiago de Compostela



Juan Manuel Viaño Rey

A directora da Axencia para a  
Modernización Tecnolóxica de Galicia



María del Mar Pereira Álvarez